

O artigo

2.1 Definición, morfoloxía e funcións

O **artigo** é unha clase de palabra, carente de significado propio, que precede sempre o substantivo (ou a outra palabra ou sintagma substantivado) delimitando o seu significado

- Desde o punto de vista **morfolóxico**: presenta variación de xénero e número.
 - Desde o punto de vista **sintáctico**: ademais da función de **actualizador**, restrinxindo o significado do substantivo.
- Tamén pode presentar **función substantivadora**, facendo que un elemento que o segue (adxectivo, numeral, verbo, adverbio etc.) cumpra as funcións propias do substantivo.

O útil é participar. Non fagas o parvo. Eu quero os tres.

2.2 Formas

Os artigos poden ser **determinados** ou **indeterminados** dependendo de se a entidade designada polo sintagma nominal é ou non identificable polo receptor.

As formas do artigo determinado son *o, a, os, as*; as formas do artigo indeterminado son: *un, unha, uns, unhas*.

As formas do artigo indeterminado poden funcionar como indefinidos cando é posible conmutalos por outros indefinidos (*Un día voume cansar. = Calquera día voume cansar.*) e como numerais cando indican unidades concretas (*Só quero un caramelo.*).

As segundas formas do artigo

As **segundas formas do artigo** poden non ser empregadas na escrita, mais cómpre facelo na fala, **pronunciando** os elementos unidos.

Redactamos o escrito [redaktámolo eskrito]

Son de uso obrigatorio con guión despois do adverbio *u* (*u-la galiña?*) e sen guión tras a preposición por (*pola tarde*).

2.3 As contraccións de preposición e artigo

Os **artigos determinados** contraen coas preposicións **a, con, de, en**. Tamén existe a posibilidade de realizar a contracción coa conxunción comparativa **ca**.

Foi pasear xunto ao/ó río. Deulle co pé. Púxoo na porta. Vírono pola tarde.

Os **artigos indeterminados** contraen coas preposicións **con, de, en**.

Artigo determinado		Artigo indeterminado							
Preposición		o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
	a	ao/ó	á	aos/ós	ás				
	con	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
	de	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
	en	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
Conxunción	ca	ca o/ có	ca a/ cá	ca os/ cós	ca a/ cás				

2.4 Os usos do artigo

O uso do artigo pode estar determinado polo **contexto** e polo **tipo de palabras** ás que acompaña.

Ausencia do artigo	
En vocativos	A ver, neno, ven aquí
Cando hai un demostrativo ou un indefinido diante dun substantivo	Esta moza é moi intelixente. Algúns días chega tarde

Presenza do artigo	
Con substantivos que indican peso ou medida	As rinchas están a 3 euros o quilo.
Con apelidos e alcumes	o Vilanova, o Paspallás
Con nomes de persoa	o Manolo, a Sabela
Con nomes propios de animais	a Touro, a Parrula
Con algúns nomes de comarcas, ríos e montes	A Ulloa, O Sil, O Xistral
Con algúns topónimos	A Coruña, O Carballiño, O Foxo
Con algunhas locucións	ás agachadas, ás escuras, ao chou, ás veces...

Uso do artigo co posesivo	
Regra xeral	
A presenza do artigo ante o posesivo é obrigatoria .	Na miña opinión; cos seus medios...
Excepcións	
Cando o posesivo integra unha fórmula de tratamento ou unha expresión de tipo relixioso.	Súa Excelencia; Noso Señor...
Cando o posesivo forma parte dun vocativo .	Meu pobre, onde irás?
Cando forma parte de certas expresións e frases feitas .	Meu dito, meu feito.
Cando vai precedido dun demostrativo .	Este meu can é listo coma un allo.
En enunciados nos que aparece un distributivo (nalgúns casos é admisible a súa presenza, pero resulta redundante).	Foron pasando cada un con súa entrada.

➤ Cando o **artigo determinado** forma parte dun **topónimo**, contrae coas preposicións *a, de, en* que o preceden de acordo coas normas xerais das contraccións

Incorrecto: *Morreu en O Porriño


Correcto: Morreu no Porriño.

Os demostrativos

3.1 Definición, morfoloxía e funcións

Os **demostrativos** sinalan as persoas ou cousas designadas polo nome, situacións no espazo (este libro) ou no tempo (aquel verán). Teñen, polo tanto, un valor **deíctico**.

- Desde o punto de vista **morfolóxico**: concertan co substantivo en xénero e número (Esa casa é moi grande).
- Desde o punto de vista **sintáctico** poden cumprir, dentro do grupo nominal, varias funcións.
 - Actualizador**: cando van diante do substantivo e son determinantes (Este paraguas tapa moi ben).
 - Modificador**: cando van detrás do substantivo (A rapaza esa é unha artista).
 - Núcleo**: se son pronomes e non acompañan o substantivo (Este é un bo xamón).



Os demostrativos indican a distancia ou proximidade en relación co emisor e co receptor.

Tamén poden ter outros usos.

Anafórico: cando se refírense a algo que xa se dixo antes (Como callau e sandía, esta fixoill mal.).

Catafórico: cando se refírense a algo que aparece máis adiante no curso (Este será o noso obxectivo chegar antes ca eles.)

3.2 Formas

- Determinante ou pronome **masculino**: este(s), ese(s), aquel(es).
- Determinante ou pronome **feminino**: esta(s), esa(s), aquel(as).
- Determinante ou pronome **neutro**: isto(s), iso(s), aquilo.

Algunhas características

- Os demostrativos masculinos e femininos, se non acompañan o substantivo, actúan como **pronomes**.

Dáme ese libro. / Dáme ese.

- Os demostrativos neutros sempre son **pronomes**.

Iso é o mellor que lle puido pasar.

- Os demostrativos, como norma xeral, van **diante** do substantivo ao que acompañan e non admiten artigo.

Este home / Aquela casa de alí

Pero por razóns de expresividade ou **énfase**, poden ir **pospostos** e, neste caso si admiten o artigo.

O home este / A casa aquela de alí

- Entre o demostrativo e o substantivo pode intercalarse un adxectivo cualificativo.

Este feliz día / Aquela extraordinaria actuación

- Os demostrativos poden combinarse con:

- **Posesivos**: Esta miña sobriña é moi intelixente.

- **Numerais**: Aquelas dúas preguntas do exame.

- **Indefinidos** como *moito, outro, pouco, todo...*: Todo este ano choveu moito.

As formas contractas

Preposición	Formas masculinas	Formas femininas
de	deste(s) - desta(s) - disto	dese(s) - desa(s) - diso
en	neste(s) - nesta(s) - nisto	nese(s) - nesa(s) - niso
		daquel(es) - daquela(s) - daquilo
		naquel(es) - naquela(s) - naquilo

As formas do masculino e do feminino tamén contraen co indefinido **outro**, que á súa vez contraen coas preposicións **de**, **en**.

Formas masculinas	Formas femininas
estoutro(s) - destoutro(s) - nestoutro(s)	estoutra(s) - destoutra(s) - nestoutra(s)
esoutro(s) - desoutro(s) - nesoutro(s)	esoutra(s) - desoutra(s) - nesoutra(s)
aqueloutro(s) - daqueloutro(s) - naqueloutro(s)	aqueloutra(s) - daqueloutra(s) - naqueloutra(s)

O demostrativo neutro non contrae co indefinido **outro**.

Repíteme aquilo outro que me dixeras. / Xa lle dixen que daquilo outro eu non sabía nada.

3.3 Usos e valores especiais

- **Ese**, acompañando ou substituíndo un nome, especialmente de persoa, asume un sentido despectivo.

O neno ese é parvo. / Ese é parvo.

- **Iso** tamén pode adquirir este mesmo valor **pexorativo**.

Iso non é unha estrada, é un camiño de cabras.

- Outras formas expresan **valores afectivos ou irónicos** segundo o contexto e a entoación.

Este rapaz...! Ai, que rapaz este!

- **Aquel** e **aquela** poden ser usados como substantivos, con significado non definido.

Ten un **aquel** que lle chama a atención a todos. (= unha característica, un xeito...)

Estaba chovendo e abriu o **aquel** para non se mollar. (= paraugas)

- Os verbos **aquelar** e **aqueloutrar** funcionan do mesmo xeito.

Marcho, que me vai vir o técnico **aquelar** o forno da cociña. (= reparar)

- **Daquela**, ademais de ser forma contracta, pode funcionar como:

Adverbio de tempo, co significado de «naquel tempo, naquela época».

A comezos do século XX, **daquela** poucos coches había.

Conxunción consecutiva, co significado de «polo tanto».

Traballaches moi ben, **daquela** podes ir dar unha volta cos amigos.

- **Nisto**, **niso**, **con isto**, **nestas**, **nesas**, **con estas** admiten un uso adverbial cun significado equivalente a «nese momento».

Estabamos na clase de Lingua e **niso** petaron á porta. (= nese momento)

- **Iso é**, **iso si**, **iso xa** adoitan empregarse para ratificar unha afirmación.

Non esquezas o molete de pan. **Iso xa**.

- A **iso de** ten valor de aproximación temporal.

Quedamos a **iso** das oito.

- **Con esas**, **por esas**, **esta...** indican indeterminación:

Esta si que non cha paso.

▶ Debe evitarse o emprego abusivo de palabras comodín como **aquel**, **aquela**, **aquelar**, **aqueloutrar**

4 Os posesivos

4.4 O posesivo de propiedade exclusiva

En galego existen construcións con «de + posesivo masculino singular» que marcan unha relación de propiedade exclusiva.

Ela ten casa de seu. (= ten casa da súa propiedade)

- As formas de 3ª persoa poden asumir tamén o valor de «por si mesmo» ou «por natureza»

A casa derrubouse de seu. (= por si mesma)

Carlos é intelixente de seu. (= por natureza)

4.5 O posesivo distributivo

A nosa lingua articulou tamén unhas formas específicas para expresar valores posesivos e distributivos asemade. Estas formas equivalen á construción (a) *cada un seu*.

Aos seus alumnos e alumnas regaloulles cadanseu ordenador.

Alba agasallou ás súas amigas con cadanseu anaquiño de biscoito.

- As formas do posesivo distributivo sempre se colocan **diante do obxecto posuído**, pero nunca poden aparecer diante do posuídor.

Os soldados portaban cadanseu caravel. / **Cadanseus soldados portaban un caravel.*

4.6 Usos e valores expresivos do posesivo

- Relación de **familiaridade** e afecto: *O noso Antón évos un rapaz moi agudo.*
- Valor **aproximativo ou ponderativo**, con numerais ou substantivos referidos a diñeiro, anos metros etc.: *A moto custaríalle os seus oito mil euros.*
- Posesivo de **modestia**, con *noso(s)*, *nosa(s)* por *meu(s)*, *miña(s)*: *O noso traballo consta de...*

• Outros significados:

- acción habitual nunha persoa: *Eu despois de xantar teño que tomar o meu café.*
- a miña, a túa... familia: *Vin onte aos teus na praza* (= *Vin onte á túa familia na praza*).
- bastante, boa cantidade: *Hoxe xa estudaches o teu*
- aquilo que é propio ou natural de alguén: *O meu é a fabricación de mobles.*
- o que adoita facer ou dicir alguén: *Xa andan os do lado a facer das súas.*
- o que lle corresponde a alguén: *Agora seguíde vós, que eu xa fixen o meu.*
- penalidades, traballos: *Durante a Guerra eu paseiche as miñas.*

RECORDA

«Meu», usado como vocativo é un apelativo cariñoso referido a unha persoa coa que se ten determinada confianza (A ver meu, ven aquí).



5.1 Definición, morfoloxía e funcións

Os **relativos** fan referencia a un elemento anterior do discurso, que pode estar explícito ou implícito, chamado **antecedente**.

- Desde o punto de vista **morfolóxico** poden ser variables ou invariables (O coche que mercou é extraordinario. / Son ideas contra as cales non se pode loitar. / Os coches cuxa matrícula sexa impar non poden circular hoxe.)
- Desde o punto de vista **sintáctico**: actúan como **nexos** ou **conectores** na oración subordinada de relativo e desempeñan nela as funcións sintácticas propias do substantivo: suxeito, CD, CI etc.

Todos os relativos son pronomes agás *cuxo, cuxa, cuxos, cuxas*, que son adxectivos determinativos. Só poden ir en oracións subordinadas.

5.2 Formas e usos

Que. É unha forma invariable, referida a persoas ou a cousas. Pode levar artigo, o cal concorda en xénero e número co antecedente:

A miña noiva, que é astronauta, hame de levar á lúa.

O meu irmán, ao que quero moito, chega o luns.

Introduce oracións de relativo, que poden ser:

- **Explicativas.** Van entre pausas e non restrinxen o significado do substantivo.
Os obreiros, que foron de festa, non traballarán mañá.
- **Especificativas.** Non van entre pausas e restrinxen o significado do substantivo.
Os obreiros que foron de festa non traballarán mañá.

Quen. É unha forma invariable, referida sempre a persoas. Forma parte de varias expresións e frases feitas.

- «ser quen de», «ser quen a» = ser capaz de.
Ti non es quen de repetilo. = Ti non es capaz de repetilo.
- «facer coma quen que» = finxir, aparentar.
Fixo coma quen que non oíra. = Finxiu que non oíra.
- «de (a) quen quen», «(de) coma quen» = de mentira, inventado, falso.
Esa televisión éche de coma quen. = Esa televisión éche de mentira.

Cal. É unha forma variable que vai precedida de artigo, o cal concorda en xénero e número co antecedente.

Sáume ben o exame, o cal é moi positivo.

Canto. Úsase sobre todo como correlato de todo e tanto.

Todo canto sei é que aparecín tirado no chan.

Cando, como, onde. Son relativos adverbiais que desempeñan función de CC na oración subordinada.

Recordo ben aquel tempo cando eramos mozos.

Deixei o paquete no sitio onde me dixeron.

Cuxo. É unha forma medieval (cujo) recuperada na actualidade. Ten flexión de xénero e número.

Os alumnos e alumnas cuxos exames estean rematados, poden saír.



6 Os interrogativos e os exclamativos

Os **interrogativos** constitúen o eixe das oracións interrogativas e as súas formas son as mesmas ca as dos relativos. Os **exclamativos** empréganse con valor admirativo, aínda que poden expresar outros matices.

6.1 Formas e usos

Que. Pode funcionar como interrogativo ou como exclamativo. Como exclamativo existe a expresión «que de» para ponderar o número ou cantidade de algo.
Que de xente había alí! = *Había moita xente.*

Quen. Úsase como interrogativo e como exclamativo e leva sempre o verbo en singular (agás o verbo *ser*).
Quen é o que empeza o xogo? Quen son os que empezan o xogo?
Emprégase tamén en exclamacións desiderativas.
Quen me dera ser sabio!

Cal. Úsase como interrogativo.
Cal é o teu reloxo?

Cando, onde. Úsanse só como interrogativos e o seu valor está próximo ao adverbial.

Canto, como. Úsanse como interrogativos e como exclamativos e o seu valor está próximo ao adverbial.

Vaia, mira que... Son outras formas de expresar a exclamación.

Vaia sorte! Mira que crer niso!

U. Úsase como interrogativo e equivale a «onde». Debe ir seguido da segunda forma do artigo ou do pronome persoal.

U-la chave? / A chave, u-la?

Actividades

30 Introduce, se é posible, o adverbio interrogativo *u*.

- a) Onde están as tesoiras?
- b) Onde queres comer mañá?
- c) E a lanterna que che emprestei, onde está?
- d) Onde están os rapaces?

31 Detecta as anomalías e indica a forma recomendable.

- a) Quenes eran os que estaban alí?
- b) Por qué non fuches á excursión?
- c) As persoas cuílos apelidos comeceñ por R poden pasar.
- d) O sitio en donde quedamos é marabilloso.
- e) Dime porqué os plátanos non teñen croia.
- f) Dónde está o axóuxere do neno?
- g) E ti, de dónde vés?
- h) Conseguiu mercar unha bicicleta, con cuílo medio de transporte percorreu o mundo.
- i) Qué queres para xantar?



7

Os numerais

Os **numerais** son palabras que cuantifican a realidade dun xeito bastante preciso. É dicir, indican unha cantidade máis ou menos exacta.

7.1 Formas e usos

- Desde o punto de vista **morfolóxico**: forman un grupo heteroxéneo no que existen **formas variables** (*primeiro/primeira/primeiros/primeiras*) e outras **invariables** (*tres, catro*).
- Desde o punto de vista **sintáctico**: poden funcionar como **actualizadores** (*dezaseis martuxas*), **modificadores** (*o primeiro escritor galego*), ou **pronomes** (*Só merquel dúas*).

Formas e usos

CARDINAIS

Indican unha **cantidade exacta**
Un/unha, dous/dúas, ... dezaseis, dezasete, ... vinte e un/vinte e unha, vinte e dous/vinte e dúas, vinte e tres, ... trinta e un/trinta e unha, ... corenta, ... sesenta, ... oitenta, ... cento un/cento unha, ... cincocentos/-as (quñentos/-as) ...

ORDINAIS

Indican a **situación** ou a **orde** dos seres ou cousas nunha serie
Primeiro/-a, segundo/-a, ... sexto/-a, sétimo/-a, ... undécimo/-a (décimo primeiro/-a), duodécimo/-a (décimo segundo/-a), décimo terceiro/-a, ... vixésimo/-a, ... sesaxésimo/-a, ... centésimo/-a ... último, derradeiro.

PARTITIVOS

Indican a **fración exacta** dunha unidade
Medio/-a, terzo/-a, ... sétimo/-a, ... onceavo/-a, doceavo/-a ...

MULTIPLICATIVOS

Indican o **resultado** dunha multiplicación
Dobre (duplo/-a), triplo/-a, cuádruplo/-a, ... óctuplo/-a, nóuplo/-a, décuplo/-a, ...

COLECTIVOS

Indican un **conxunto** cun número determinado de elementos.
Par, parella, terceto, quarteto, novena, quincena, trintena, cincuenta, tríenio, trimestre, decena, ducia, cento, século, milenio, milleiro ...

Os indefinidos

Os **numerais** son palabras que indican **Indeterminación** ou **Imprecisión** referida a unha cantidade ou á identidade de algo ou alguén.

- Desde o punto de vista **morfolóxico**, poden ser variables ou invariables.
- Desde o punto de vista **sintáctico**, adoitan funcionar como actualizadores, aínda que tamén poden ser pronomes.

8.1 Formas e usos

- **Cuantificadores**: designan un número ou cantidade indeterminada (*algún, ningún, algo, nada, alguén, ninguén, bastante, moito, pouco, abondo, demasiado, varios...*)
- **Identificadores**: fan referencia á semellanza ou diferenza de identidade ambos, calquera, certo, mesmo, outro, propio, tal, quenquera...

Algunhas particularidades

- Algúns indefinidos como *alguén, ninguén, algo, nada, cadaquén, quenquera* só poden ser pronomes.
- As formas *un/unha* son indefinidos se non se opoñen a numerais cardinais.

Numeral cardinal: *Na casa só teño un frigorífico.* (non dous, tres etc.)

Indefinido: *Hoxe xa un non se pode fiar de ninguén.*

- Cómpre distinguir cando as formas *moito, pouco, bastante, demasiado* funcionan como pronomes indefinidos ou como adverbios. Neste último caso son invariables.

Pronome indefinido: — *Cantos cartos tes?* / — *Teño moitos.*

Adverbio: *Sara estuda moito.*

Algunhas formas variables

Abondo	<ul style="list-style-type: none"> • Variable en xénero e número. • Indica unha cantidade ou un número suficiente para cubrir necesidades. <i>Non tiña euros abondos para mercar o agasallo.</i>
Algún/ningún	<ul style="list-style-type: none"> • Formas correlativas, variables en xénero e número. • Nas oracións de modalidade negativa só pode aparecer <i>ningún</i>. <i>Nunca nos fixeron caso ningún</i>, e non <i>*Nunca nos fixeron caso algún</i>.
Ambos	<ul style="list-style-type: none"> • Forma variable en xénero, pode ser núcleo ou modificador nunha frase nominal. • Cando funciona como modificador debe ir seguida de artigo. <i>*Ambos científicos ... = Ambos os científicos ... / *Por ambas partes. = Por ambas as partes.</i>
Mesmo	<ul style="list-style-type: none"> • Non ten valor posesivo nin delfctico, polo que exemplos coma o seguinte son incorrectos: <i>*O requexo é un produto típico</i>; a elaboración do mesmo é traballosa. • Expresións: «na mesma», «nas mesmas» (= do mesmo xeito, igual), «coa mesma» (= a seguir, acto seguido).
Outro	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta flexión de xénero e número. • Contrae coas preposicións <i>de</i> e <i>en</i>, e coas formas masculinas e femininas do demostrativo (<i>estoutro, estoutras...</i>)
Pouco	<ul style="list-style-type: none"> • Forma locucións como «aos poucos» = «pouco de cada vez»; «a pouco máis» = «case» (<i>A pouco máis non dou chaga do. = Case non dou chegado.</i>).
Tanto	<ul style="list-style-type: none"> • A expresión «tanto ten» equivale a «non importa».
Todo	<ul style="list-style-type: none"> • Forma variable en xénero e número. • Expresa totalidade ou valor distributivo se vai diante do substantivo e sen artigo. <i>Todo ser humano merece respecto.</i> • Forma parte de expresións como «así e todo», «así a todo» co significado de «a pesar de». <i>*Por todas partes = Por todas as partes.</i> • Outros usos: <i>*De todas formas = De todas as formas.</i>

Algunhas formas invariantes

Alguén /
ninguén

- Formas correlativas referidas a persoas.
- Usanse en expresións como «ser alguén» («persoa importante») e «ser un ninguén» («persoa de pouca ou ningunha relevancia»)

Cada

- Invariable en xénero e número
- Ten valor distributivo (*Chamábase cada dous días.*) ou individualizador (*Cada persoa ten as súas ideas.*)

Cadaquén

- Só funciona como pronome e significa «cada persoa», «cada un/a»
Cadaquén que solucione os seus problemas.

Calquera

- Sinala, de forma indeterminada, un membro dentro dun conxunto de persoas ou cousas.
Calquera desta clase pode ir como representante.
- Emprégase en expresións como «ser un/unha calquera» = *Persoa de pouca consideración.*

Nada

- As formas *ren* e *res* son sinónimas de *nada*.
- Existe a expresión «*nada e todo*» co significado de «*mal pouco*»
Queres puré?
— *Bótame un nada e todo.*

Quenquera

- Forma pronominal que só se usa no nivel culto de lingua co significado de «calquera persoa».

Senllos

- Variable en xénero.
- Nunca é pronome.
- Significa «un ou unha para cada un ou cada unha de dúas ou máis persoas, animais ou cousas».
Os sendeiristas levaban senllos mochilas. = cada un, unha proba.



Organiza a miña mente

Os artigos e os adxectivos determinantes

Artigos

Formas sen significado propio que preceden o substantivo. Poden ser determinados (o, a, os, as) ou indeterminados (un, unha, uns, unhas).

Demonstrativos

Sinalan as persoas ou cousas designadas polo nome, situándoas no espazo ou no tempo (este, esa, aqueles...).

Posestivos

Indican relación de posesión ou pertenza (meu, túa, nosas, voso, seus...).

Relativos

Fan referencia a un elemento anterior do discurso chamado antecedente (que, quen, cal, canto, cando, como, onde, cuxo).

Interrogativos e exclamativos

Constitúen o eixe das oracións interrogativas e as súas formas son as mesmas ca as dos relativos.

Numerais

Cuantifican a realidade dun xeito bastante preciso. Poden ser cardinais (dous), ordinais (segundo), partitivos (medio), multiplicativos (dobre) ou colectivos (parella).

Indefinidos

Indican indeterminación ou imprecisión na cantidade ou na identidade. Poden ser cualificadores (algún, ningún, bastante...) ou identificadores (ambos, calquera, mesmo...).